

El PSOE de Fene pide el refuerzo de la Policía Local «ante a situación de inseguridad»

FENE / LA VOZ

A través de un comunicado, el PSOE de Fene alerta «da grave situación de inseguridad» y exige al gobierno local una respuesta inmediata. Fuentes policiales indicaron la pasada semana la «falta de medios», con solo nueve agentes activos en una plantilla de catorce. De este modo, desde septiembre no hay Policía Local durante los fines de semana. Según el PSOE, «esta situación impide cubrir o servizo con normalidade desde hai un ano».

Aseguran los socialistas que «isto coincide cun incremento de roubos nos comercios da vila, con dous nas últimas semanas e un deles a plena luz do día». El gobierno local de BNG y Esquerda Unida destacó la pasada semana que «o plantel está ben dimensionado, os fines de semana a Policía Local non traballa porque non están cubertas todas prazas, o proceso para cubrilas solicítase á Academia Galega de Seguridade cando quedan vacantes pero non hai capacidade para contratar tan rápido». Dos agentes pidieron la movilidad y prestan sus servicios en Ferrol, hay otros dos de baja y un quinto pendiente de incorporación por situación de excedencia.

CULTURA NA RÍA

Morriña das avoas en Narón: «Aqueles grandes amores incondicionais»

A obra «Manual de patronaxe» estréase no Pazo esta fin de semana

PATRICIA HERMIDA

NARÓN / LA VOZ

Por esos lazos de amor que perduran no tempo entre avoas, nais e fillas camiña a última obra de Teatro do Noroeste. *Manual de patronaxe*, a partir dun texto de Nerea Brey e dirixida por Clara Gayo, estrearáse en Narón cun elenco feminino de excepción: Susana Sampedro, Raquel Espada e Iolanda Muíños. «E lanzaremos unha mensaxe do valor dos afectos comúns que ás veces damos por sentados, aqueles grandes amores incondicionais entre ancestras e herdeiras», indica Gayo.

O venres ás 20.30 no Pazo da Cultura e o sábado ás 20.00 subíranse á escena para «unha reivindicación en clave feminista das puntadas que conforman o bordado das nosas vidas». No peculiar mundo de confidencias e independencia que tiñan as costureiras, Iolanda Muíños interpreta a unha traballadora viúva que saca adiante á súa familia. E Susana Sampedro fai de escritora (trasunto da autora real do texto) que recorda a Iolanda, precisamente como a súa avoa. A actriz naronesa Iolanda Muíños



Susana Sampedro, Raquel Espada e Iolanda Muíños, nun momento dos ensaios. CÉSAR SEIJAS

destaca que «as miñas avoas eran bastante novas e actuaban como os meus pais, xa de maior valoras máis o seu significado e gustaríame que de pequenos todos vésemos a súa importancia».

A directora Clara Gayo recorda á súa avoa materna Carme: «Acuario coma min e moi excéntrica, en Nadal emborrachábase un pouco e acababa dando vivas á República, gustáballe pasear soa e era moi charlatana». Susana Sampedro só co-

ñeceu a unha das súas avoas e pouco tempo: «Realmente sabemos moi pouco das nosas ancestras, os meus pais tampouco están vivos e ninguén me fala delas, todos deberíamos falar cos nosos maiores e aproveitar esa relación».

A obra recupera ademais as redes entre mulleres tecidas naqueles cuartos das costureiras, «onde se formaban moitas alianzas e era un reducto feminino onde non entraban os homes». Como

recorda a directora, «ser costurera era un oficio permitido para as mulleres, que daba ademais independencia». A propia Iolanda Muíños foi a Corte e Confección dos 14 aos 16 anos: «Compráronme unha máquina de coser e durante tempo rexeitei a costura porque fun obrigada, pero ao final facía roupa para a familia e para min moi creativa».

Ao Pazo da Cultura de Narón chegan «moi agradecidas e especialmente contentas».

oferplan
La Voz de Galicia

REINVENTIO

FERROL

Teatro Jofre

Entradas REINVENTIO
Oferta limitada!

Venres 12 e sábado 13 de decembro



DESCONTO

33%

PREZO

14'50€

Entra en
oferplan.lavozdegalicia.es
e compra o teu cupón

Inter cambio de cupóns: ver condicións das ofertas en oferplan.lavozdegalicia.es. Oferta dispoñible en oferplan.lavozdegalicia.es xestionada por Canal Voz, S.L., con domicilio social en Ronda de Outeiro, 1-3, 15006 A Coruña. Condicións de Uso e Protección de Datos dispoñibles en oferplan.lavozdegalicia.es

Hnos. pena
ferreteria-electrodomésticos

¡Esta Navidad, olvídate del frío!

SOLO EN SANTA CECILIA, NARÓN

Consúltanos y te asesoraremos

INSTALA UNA CALDERA BOSCH Y MANTÉN TU HOGAR A LA TEMPERATURA PERFECTA

C/ Cristóbal Colón n.º 41- 43 **SANTA CECILIA** (Narón) • Teléfono: **981 38 66 95** • **www.hnospena.com**